

SENTENZA TRIBUNAL SUPREMO SOBRE ENFERMIDADE PROFESIONAL

Sentenza do Tribunal Supremo Nº 747/2022. Sala do Social

Data: 20 de setembro de 2022

Resumo: Xuíces e tribunais deben incorporar a perspectiva de xénero no exercicio da potestade xurisdiccional, incluído o recoñecemento como enfermidade profesional das doenzas padecidas por unha limpadora, que están expresamente incluídas no cadro, pero non así a súa profesión, altamente feminizada.

Feitos relevantes: Unha muller que traballa como limpadora nunha empresa inicia un proceso de Incapacidade Temporal por dor nun ombreiro que se considera enfermidade común por rotura de manguito rotador. Ela non está conforme e expón expediente de valoración da continxencia.

Tanto a resolución do INSS - previo ditame do EVI - como as sentenzas do Xulgado do Social de Gijón e o TSJ de Asturias no proceso sobre cambio de continxencia desestiman a súa pretensión, polo que interpón recurso de casación para unificación de doutrina.

Fundamentos xurídicos: A cuestión a determinar é se a doenza que desencadeou a Incapacidade Temporal (rotura do manguito rotador do ombreiro esquerdo) ha de considerarse derivada dunha enfermidade profesional, tendo en conta que a actividade de limpadora non aparece entre as actividades que poden xerala.

O Tribunal Supremo segue a súa doutrina precedente en canto á consideración de lista aberta que ten o cadro de enfermidades profesionais da Seguridade Social e, por tanto, a inclusión nel da profesión de limpadora, ao ter en conta as actividades que realiza e as doenzas padecidas, e a aplicación da presunción de enfermidade profesional. Iso refórzase coas "Directrices para a Decisión Clínica en Enfermidades Profesionais" publicadas polo propio INSS.

O destacado na sentenza que estamos a comentar é a incorporación do argumento da perspectiva de xénero no exercicio da potestade xurisdiccional como principio informador do ordenamento xurídico, o que consolida a conclusión anterior, e establecendo que:

- 1.A interpretación da normativa debe realizarse a favor da igualdade;
- 2.O principio de igualdade de trato e de oportunidades ten unha función integradora, que supón a ausencia dunha norma aplicable ao caso real, ben por inexistencia de regulación, ben por non considerar na mesma o valor de igualdade de sexos que debeu considerarse.
- 3.O principio de integración da dimensión de xénero vincula a todos os poderes do Estado, incluído o xudicial, polo que xuíces e tribunais deben incorporar a perspectiva de xénero no exercicio da potestade xurisdiccional (art. 117.3 CE).

Toma en consideración diversas normas, comunitarias e españolas, e a súa propia doutrina xeral sobre a interpretación normativa con perspectiva de xénero (incorporada na STS de 23-6-22 , recurso 646/21), e conclúe que:

- 1.- A profesión de limpadora está feminizada e non aparece no cadro de enfermidades profesionais como susceptible de xerar unha enfermidade profesional.

2.- No apartado onde aparece a rotura do manguito rotador no cadro de enfermidades profesionais inclúense como afectadas profesións masculinizadas e outras nas que a presenza de ambos os sexos é equilibrada, pero ningunha moi feminizada. Todo iso a pesar das fortes esixencias físicas que o traballo de limpadora leva, especialmente movementos repetitivos, que encaixan coa descrición do apartado. O que supón unha discriminación indirecta.

A consecuencia é que as profesións contempladas a título de exemplo beneficianse da presunción de que nelas se realizan posturas forzadas e movementos repetitivos, o que determina que esteamos ante unha enfermidade profesional; non así na profesión de limpadora, moi feminizada, na que para o diagnóstico da enfermidade profesional esíxese acreditar a realización dos devanditos movementos.

3.- Diversas sentenzas do Tribunal Supremo e dos Tribunais Superiores de Xustiza cualificaron de enfermidade profesional a Incapacidade Temporal de limpadoras que presentaban distintas doenzas (túnel carpiano, tendinite, etc.).

Fallo: Polo exposto, estímase o recurso, casando e anulando a sentenza recorrida e declarando que a Incapacidade Temporal da actora deriva de enfermidade profesional.